


Concello de Santiago de Compostela

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO E  
A CÁMARA DE COMERCIO, INDUSTRIA E NAVEGACIÓN DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA PARA A CONVOCATORIA DO PREMIO MANUEL  
BEIRAS**


En Santiago de Compostela, o 9 de xuño de 2000

**REUNIDOS**



dunha parte, don Xosé Antonio Sánchez Bugallo, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, e da outra, don Xesús Asorey Carril, Presidente da Cámara de Comercio Industria e Navegación de Santiago de Compostela, en virtude da súa representación e recoñecéndose mutuamente capacidade abonda para subscribir este convenio,

**EXPOÑEN**




Que a Lei 3/1983 de normalización lingüística, no seu artigo 25, prevé que as corporacións locais fomenten a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras e que, ao abeiro disto, o Concello de Santiago vén desenvolvendo programas, propios ou en colaboración con outras entidades, destinados a promover o uso da lingua propia de Galicia.

Que a Cámara de Comercio ten entre os seus obxectivos e finalidades a representación, promoción e defensa dos intereses xerais do comercio, a industria e a navegación.

Que as dúas entidades coinciden no interese por promover a normalización da lingua galega no sector empresarial, considerado por ambas un ámbito chave para acadar cotas satisfactorias de uso do galego na sociedade, e manifestan a súa intención de colaborar na consecución deste obxectivo de cara a alcanzar unha maior incidencia e repercusión social das súas propostas.

E con base nestas consideracións



## ACORDAN

### PRIMEIRO

O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio convocarán conxuntamente o Premio Manuel Beiras dirixido a recoñecer socialmente o esforzo realizado polas empresas de cara a normalizar o uso da lingua galega na súa comunicación.

### SEGUNDO

O Premio Manuel Beiras convocarase cunha periodicidade anual e de acordo coas bases que se engaden como anexo a este convenio.

### TERCEIRO

As dúas entidades contribuirán a partes iguais nos gastos ocasionados pola convocatoria do premio, que incluírán a publicidade e difusión, os elementos simbólicos (deseño e reprodución das esculturas e da insignia) e a organización do acto protocolario.


Establécese como orzamento inicial para a primeira edición do premio a cantidade total de un millón de pesetas, que poderá ser revisada por acordo das partes e con base nas xustificacións de gastos que se presenten.

### CUARTO

Ambas as dúas entidades convocantes comprométense a difundir a través dos seus medios -boletíns ou outras publicacións- a convocatoria deste premio co fin de alcanzar a máxima repercusión social.

### QUINTO

É vontade das dúas entidades a convocatoria de edicións sucesivas do premio, para o que cada ano se poderá revisar a contía económica da súa organización e as especificacións concretas sen necesidade de asinar un novo convenio e logo do acordo dos órganos correspondentes en cada caso.



## SEXTO

Tanto na primeira edición como nas posteriores o Concello e a Cámara de Comercio, conxuntamente ou por separado, poderán obter a colaboración doutras entidades no financiamento ou difusión do premio.

## SÉTIMO

En todos os materiais editados, así como nos actos de presentación ou noutros que se realicen, farase constar sempre a participación das dúas entidades asinantes deste convenio. Para este efecto, no material que se difunda constarán, como mínimo, os sinais de identidade do Concello de Santiago e da Cámara de Comercio coa mesma relevancia.

Do mesmo xeito, e en caso de que se acaden outras colaboracións, deberán aparecer tamén indicadas como corresponda.

De acordo con isto, o Concello de Santiago e a Cámara de Comercio estarán presentes en igualdade de condicións nas presentacións e demais actos.

## OITAVO

O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio acordan crear unha comisión paritaria, presidida polos asinantes ou polas persoas en que deleguen, que se ocupará do seguimento deste convenio e de todas as actuacións que del se deriven, así como de dictar as indicacións oportunas para o seu mellor cumprimento.


En proba de conformidade e para a debida constancia, asinan este acordo en dous exemplares e no lugar e data sinalados ao principio.

O Alcalde de Santiago  
de Compostela

Xosé Antonio Sánchez Bugallo

O Presidente da Cámara  
de Comercio

Xekis Asorey Carril




## PREMIO MANUEL BEIRAS BASES

O Concello de Santiago e a Cámara de Comercio de Santiago de Compostela convocan o Premio Manuel Beiras co fin de outorgar un recoñecemento público ao esforzo de normalización do uso do galego no sector empresarial, de especial importancia para este obxectivo, lembrando á vez a figura dun histórico comerciante compostelán destacado loitador da nosa cultura e da nosa lingua.

A convocatoria, constitución do xurado, elección das entidades ou persoas premiadas e demais características desta distinción recóllense nas seguintes bases.

- 1 Premio Manuel Beiras terá carácter de distinción pública e, polo tanto, materializarase nun elemento simbólico de carácter artístico entregado ás persoas ou entidades premiadas nun acto protocolario, sen que leve engadido ningún beneficio económico.
- 2 Convócanse dúas categorías do premio, destinadas a candanseu tipo de empresa:  
Empresas industriais  
Empresas comerciais e de servicios
- 3 Tamén poderá outorgarse unha distinción especial a unha persoa ou entidade que se destacara pola súa achega á normalización da lingua no mundo empresarial polo seu labor de promoción do idioma, de difusión ou por algún outro apoio significativo a este proceso.
- 4 Poden concorrer a este premio as empresas radicadas no Concello de Santiago de Compostela entendendo aquelas que teñen a súa sede social no municipio ou que realizan unha importante actividade nel.
- 5 Calquera empresa ou asociación empresarial así como os membros do xurado e as entidades convocantes poderán propoñer candidaturas a este premio, que deberán ser avaliadas polo xurado tendo en conta o obxectivo do premio.
- 6 As empresas que presenten a súa candidatura ou aquelas que, sen tela presentado, desexen manter a condición de candidatos deberán acceder a facilitar información ao xurado acerca dos usos lingüísticos na súa comunicación interna e externa.



- 7 O xurado estará formado polos seguintes membros:
- Un representante do Concello de Santiago
  - Un representante da Cámara de Comercio
  - Un representante da Dirección Xeral de Política Lingüística
  - Un representante da Universidade de Santiago de Compostela
  - Un representante dunha asociación en defensa da lingua
  - Un representante do Colexio Oficial de Xornalistas
  - Un representante dunha asociación de consumidores

A presidencia do xurado recaerá en anos alternos no Concello de Santiago e na Cámara de Comercio, correspondendo a do ano 2000 ao Concello de Santiago.

En anos posteriores engadirase un representante de cada unha das empresas premiadas na edición anterior así como a persoa ou entidade que, de ser o caso, foi distinguida polo seu labor de apoio.

- 8 O xurado, amais de propoñer candidaturas, seleccionará a entidade ou entidades premiadas de acordo coa finalidade do premio, podendo aptar por deixalo deserto na súa totalidade ou nalgunha das categorías. A súa decisión será inapelable.
- 9 premio será entregado nun acto público ao que se dará difusión polos medios que as entidades convocantes acorden.
- 10 As empresas ou entidades premiadas poderán mencionar na súa comunicación a posesión desta distinción, podendo mesmo incluír o logotipo que se deseñe para o premio na súa publicidade ou papelería.